

# ENTENDENDO A INGMAR BERGMAN

# 566

Margarethe von Trotta, Felix Moeller, Bettina Böhler, 2018

ESTREA EN NUMAX: 19.07.2019 | V.O.S.E. | +7

*Auf der Suche nach Ingmar Bergman* (2018, 109')

**Dirección:** Margarethe von Trotta, Felix Moeller, Bettina Böhler

**Guión:** Felix Moeller, Margarethe von Trotta

**Participación:** Liv Ullmann, Olivier Assayas, Ruben Östlund, Gunnel Lindblom, Mia Hansen-Løve, Margarethe von Trotta, Carlos Saura, Jean-Claude Carrière, Julia Dufvenius, Gaby Dohm

**Dirección de arte:** Jeff Sheinkopf

**Montaxe:** Bettina Böhler

**Son:** Helge Haack, Rolf Manzei, Dimitrios Posukidis, Ralph Thiekötter

**Fotografía:** Börres Weiffenbach

**Produtora:** C-Films (Alemaña)

**Distribuidora:** A Contracorriente Films

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Sueco, inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Classics), Valladolid 2018 (Sección Oficial)

## SINOPSE

Unha mirada á vida e a obra de Ingmar Bergman, explorando o seu legado cinematográfico con colaboradores diante e detrás da cámara.

«Un biopic que non tenta ser obxectivo nin definitivo. O punto de vista de Von Trotta céntrase en ofrecer unha serie de emocións, lembranzas e anécdotas»

David Fear, ROLLING STONE



# ENTENDENDO A INGMAR BERGMAN

Margarethe von Trotta, Felix Moeller, Bettina Böhler, 2018

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## Comentarios dos directores

### Margarethe Von Trotta

Ao longo do documental, decodificaremos os títulos da lista dos mellores once filmes segundo Bergman; empregaremos os nosos achados e tamén os discutiremos con outros. Tentaremos situar as cintas que mencionou (entre outras, as de Sjöberg, Kurosawa, Fellini, Chaplin, Dreyer, Wilder, etc), e dar co que lle atraeu delas respecto da súa propia obra, e o que puido inspiralo. Utilizarei pequenos fragmentos das miñas propias películas: *Las hermanas alemanas*, *Amor y deseos*, *Sisters, or the Balance of Happiness*, e *Visión – La historia de Hildegard Von Bingen*, non con intención de comparalas coas de Bergman, senón de seguir amosando o moito que me influíu; a Idade Media, a irmandade entre as mulleres, Chéjov, e moitos outros dos seus temas recorrentes.

Unha característica sólida en case todos os films de Ingmar Bergman está nos seus personaxes femininos prominentes. Bergman está visto como O director a favor das mulleres. Vou consagrar a miña atención aos numerosos personaxes femininos de Bergman. Contou con mulleres que estaban entre as máis belas e mellores actrices de Suecia: Eva Dahlbeck, Harriet Andersson e Bibi Andersson, Ingrid Thulin, Gunnel

Lindblom, Liv Ullmann e Lena Olin. Falarei con Gunnel Lindblom e Liv Ullmann, non só ao redor delas mesmas como actrices que traballaron con Ingmar, senón tamén na súa condición de directoras de cinema. Bergman axudou moito ás dúas e animounas a que fixesen as súas propias películas. Nun dos nosos encontros, Gunnel Lindblom díxome: «Foi un dos poucos directores de cinema que se interesaba honestamente polo que ocorría no interior dos personaxes femininos». Bergman foi sempre un gran observador das mulleres. Hoxe existen certos criterios para avaliar se nun filme aparecen mulleres autoafirmadas, como o Test de Bechdel. Hai como mínimo dous personaxes femininos na película? Teñen algunha escena xuntas, e no caso de que sexa así, falan sobre calquera outra cousa que non sexa dun home? Ingmar Bergman pasaría ese test hai décadas. (...) A pregunta que trata de responder o filme é: Que é o que queda de Bergman para todos nós? Non só foi un mestre na súa arte, con temas eternamente relevantes; foi sempre unha fonte de inspiración, estímulo e influencia, particularmente para as mulleres: para Gunnel Lindblom, Liv Ullmann, Mia Hansen-Løve, Lisa Aschan e, por suposto, para min mesma. Animounos a todas, cada unha absorbeu algo á súa maneira. Isto foi certo daquela e aínda é verdade hoxe, e pode mesmo seguir séndoo para xeracións futuras de realizadores.

### Felix Moeller

Entretecer unha historia e unha narrativa con material existente de tal modo que non só sirva como evidencia para unha representación gráfica de canto se di, senón tamén para que esa nova metraxa e material dos arquivos constitúan, mesturados, unha totalidade viva e orgánica. Ese é un labor que esixe unha gran sensibilidade e amor polo detalle, e por suposto un gran coñecemento sonoro dos materiais arquivados. Ese será un dos obxectivos do meu traballo. Os meus últimos documentais, *Harlan: In the Shadow of Jew Süss* e *Forbidden Films* xa contiñan citas cinematográficas e material de arquivo. Tamén en *Harlan* a intención era descubrir ao individuo tras o seu traballo e ler entre liñas no material privado e películas caseiras á procura de posibles ganduxados. Outra das claves será a inclusión da perspectiva doutra xeración sobre Ingmar Bergman. Ao ter a mesma idade que o seu fillo Daniel, podo complementar a perspectiva persoal da miña nai, Margarethe von Trotta. Unha visión máis nova do seu traballo por suposto producirá distintas asociacións, referencias e percepcións profundas.

Publicado en <https://acontracorrientefilms.com>  
Tradución: Olalla Cocíña

### NA LIBRARÍA NUMAX

- La linterna mágica*. Tusquets, 2015
- Cuaderno de trabajo*. Nórdica, 2018
- Entretiens privés*. Gallimard, 1997
- Persona*. Nórdica, 2018
- Secretos de un matrimonio y Saraband*  
Tusquets, 2007
- Sonate d'automne*. Gallimard, 1979
- Conversaciones íntimas*. Tusquets, 1998
- Ingmar Bergman: le cinéma, le théâtre, les livres*.  
Gremese, 2000
- La dernière photographie: Sarabande d'Ingmar  
Bergman*. La Lettre Volée, 2017
- Ingmar Bergman*. Actes Sud, 2012
- Máscaras de la carne. Aproximaciones al cine de  
Ingmar Bergman (1918-2018)*. Shangrila, 2017
- Las mejores intenciones*. Tusquets, 1998
- Ingmar Bergman. Initial series*. Cameo [DVD]

NUMAX



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.

#eusondennumax